
PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE O FUNCIONAMENTO DA POLICÍA DE BARRIO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte PREGUNTA ORAL para a súa resposta no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 28 de xaneiro de 2022, o alcalde e o concelleiro de Mobilidade mantiveron unha reunión con distintas asociacións veciñais da cidade para darlles a coñecer a iniciativa da chamada “Policía de distrito”. Desa xuntanza deu conta o Concello a través da páxina web municipal, nunha nota de prensa co titular “O Concello de Santiago porá en marcha a partir do 1 de febreiro a Policía de Distrito, á que destina 71 efectivos”.

En canto á organización da Policía de barrio, a web municipal explicaba que a cidade quedaría dividida nos seguintes distritos e cos seguintes efectivos asignados:

- 1. Distrito 1: correspóndese coa Zona Monumental e contará cun equipo integrado por 1 inspector, 3 oficiais e 16 policíaas.*
- 2. Distrito 2: está dividido en dous sectores. O sector 1 comprende o Ensanche e o sector 2 está conformado polas zonas de Vista Alegre, Campus Universitario, San Lourenzo, Conxo, Santa Marta, Vidán e A Rocha. A este distrito estarán adscritos 1 inspector, 4 oficiais e 18 policíaas.*
- 3. Distrito 3: tamén dividido en dous sector e coa mesma dotación que o anterior distrito. O sector 1 está conformado polos barrios de Vite, As Cancelas, San Pedro, Concheiros e o polígono industrial do Tambre. O sector 2 abrangue as zonas de San Lázaro, Fontiñas, Pontepedriña, Castiñeiriño e os polígonos industriais da Sionlla e Costa Vella.*
- 4. Distrito 4: rural e periferia e tamén funcións específicas de medio ambiente. A especificidade dos cometidos do Distrito 4 (control de incidencias en parques, animais potencialmente perigosos, verteduras, vertedoiros incontrolados, etc.) fai que non só atendan os que lles son propios no seu ámbito territorial senón que tamén poidan actuar no ámbito territorial dos outros distritos. Están adscritos 4 policíaas.*

Tras o anuncio, o concelleiro de Mobilidade, Gonzalo Muíños, explicou nos medios de comunicación que a policía de barrio sería “un sistema de traballo capaz de manter unha visión actualizada das grandes e pequenas situacións de conflito, e isto é posible mediante o coñecemento e seguimento dos problemas que de forma cotiá suceden no vecindario”. O edil tamén anunciou que se incrementaría “o fluxo de información, que redundará nun mellor coñecemento dos problemas e nun

inmellorable punto de partida para tentar solventalos". Por último, anunciábase a creación dunha conta de correo electrónico específica para este servizo: policia distrito@santiagodecompostela.gal

Nos últimos meses, Compostela Aberta mantivo diferentes encontros e asembleas abertas en barrios da cidade, e o da policía de distrito foi un dos temas recurrentes nesas xuntanzas. Foron moitas as preguntas sobre o funcionamento da policía de barrio que, malia estar supostamente funcionando desde xaneiro, non se percibía en ámbitos como Fontiñas ou Conxo.

Tras os sucesos acontecidos no Ensanche recentemente, con dous apuñalamentos en dúas fins de semana consecutivas, a asociación veciñal Raigame reclamaba máis medidas de seguridade, e emitía un comunicado no que sinalaba o seguinte:

"Pedimos unha colaboración policial real, efectiva e colaboradora coa cidadanía durante o día polas demais rúas, cousa que hai tempo que se bota en falta a pesar de ser reclamada polos veciños e prometida en período electoral, como aconteceu coa denominada Policía de Barrio da que nada sabemos".

Esa afirmación da asociación veciñal sorprende, porque o Ensanche era un dos distritos anunciados polo Goberno o 28 de xaneiro de 2022 para a posta en marcha da Policía de Barrio, e tería asignados 18 policías, 4 oficiais e un inspector.

Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para a súa resposta ORAL a seguinte **PREGUNTA**:

- **Está plenamente operativa a Policía de Barrio anunciada polo Goberno o 28 de xaneiro de 2022, e por que non teñen constancia do seu funcionamento entidades veciñais de diferentes barrios da cidade, sendo precisamente un dos seus obxectivos mellorar os fluxos de información e facer un maior seguemento dos problemas cotiás da veciñanza, algo que semella que non aconteceu recentemente?**

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Xan Xesús Duro Fernández



A ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA